COMITÉ DE REGULACIÓN DO EQUIPAMENTO DE VÍAS DE ESCALADA DE FARO BUDIÑO.

1ª CONVOCATORIA DE RECUPERACIÓN DE VIAS ABANDONADAS DE FARO BUDIÑO

Introducción

Unha das características da zona de escalada de Faro Budiño é a coexistencia de diversos estilos de escalada, o cal conleva certas problemáticas xa coñecidas.

O colectivo de escaladores, despois de moitos anos e gracias a un impulso recente, chegou ó consenso **da necesidade de regular os reequipamentos de vías, e que a "solución menos mala" era a creación deste Comité.**

Os membros electos, conscientes da súa responsabilidade, levan dende o final de 2007 analizando e debatendo en sucesivas reunións a complexidade do problema que temos entre mans: o equipamento ou non das fisuras, como regular os reequipamentos,…

Destes procesos xa se informou en marzo con motivo da xuntanza de Budiño, quedando publicado un informe na sección correspondente da páxina da FGM.

Conscientes de que é imposible chegar a solucións que satisfagan a todos, é fácil imaxinar as dificultades para chegar a un consenso, afortunadamente os esforzos produciron acordos. Estes obedecen a fondas análises fundamentadas nos preceptos de **coherencia e respeto** coa realidade integral e multidisciplinar da escalada en F. Budiño, a **xenerosidade recíproca e a aceptación das posicións intermedias como base para lograr** os obxectivos marcados.

Comeza a fase de materializar eses acordos. Agora é preciso que o **colectivo se ratifique** na súa vontade de contar cun comité como solución. As accións que se promovan deben **estar respaldadas polo apoio e a confianza no traballo do comité, así como na reafirmación da súa lexitimidade.**

Presentando neste documento a primeira das accións:

Recuperación, adecentamento ou reequipamiento de vías "abandoadas"ou "impracticables"

En resposta ás inquedanzas expresadas, de recuperación de **certos itinerarios antigos en estado de abandono**, se chegou á seguinte convocatoria:

> Os escaladores interesados poderán presentar un **proxecto** a este Comité para a súa valoración.

1. VÍA "ABANDOADA" ou "IMPRACTICABLE":

Itinerario ou longo que discorra, todo ou en parte, por "*liñas naturais*" (non placa exclusivamente) e que resulte intransitable, debido á súa falta de limpeza e estado do seu equipamento. Ademais debe ter, a criterio do comité, una antigüidade suficiente. Exemplos: Celtas II, Celtas I, Gran Carballón, Marea negra, La cagaste…, Nidos, Reina, Cicatriz, etc.

A recuperación farase con "**liberdade de criterio**", é dicir, o restaurador decidirá o estilo do equipamento**: completamente equipada**, **semi-equipada**, **limpa**...

2. **Contidos dos proxectos**: Previamente á elaboración dun proxecto, os interesados poderán consultar ó Comité cantos aspectos consideren oportunos.

a) Solicitante: persoa que se fai **responsable**, (Nome, DNI, e se é o caso club e/ou nº de federado, datos de contacto, teléfono, correo electrónico,…).
Colaboradores: persoas que van estar implicadas nos traballos (iguais datos).
b)Criterio de recuperación: equipada, semiequipada ou de autoprotección.
c) Descrición breve dos traballos (actuacións no itinerario, apertura de camiños, limpeza da parede,...)
d) Distribución e nº de seguros fixos intermedios e de reunión.
e) Nº de longos e distribución.
f) Calendario aproximado de traballo (máximo 9 meses para executalo dende a súa adxudicación).

3. **Materiais de instalación fixa.**
"Parabolt" inox. calidade AISI 316(A4), M10x90 + Chapa inox.
As reunións fixas deberán ser de dous seguros de chapa con argola.

Outras opcións poderán ser observadas.

4. **Control do Comité**:

A supervisión dos traballos correrá da man do Comité ou dos técnicos que puidera nomear; facendo as indicacións oportunas de índole técnica, sinalando o incumprimento dalgunha das normas ou desvíos do proxecto orixinal.
.
Non se adxudicará temporalmente un novo proxecto ó equipo ou membro do equipo que incumpra algunha das normas**,** en concreto as posibles variacións do proxecto orixinal que non sexan aprobadas previamente.

Calquer alteración no prazo de execución e as razóns da mesmo deberán poñerse en coñecemento do Comité

.

5. **Convocatorias para a presentación de propostas.**

Cada trimestre natural: 1ª: De outubro a decembro, 2ª: De xaneiro a marzo, 3ª: De abril xuño, 4ª: xullo a setembro.

6. **<u>1ª Convocatoria 2008</u>**

- **Apertura da convocatoria** : 1 de outubro.

- **Prazo de presentación de proxectos:** Ata o 31 de outubro.

- **Estudio e Resolución 1ª:** Do1ó 30 de novembro de 2008.
  Publicaranse os proxectos elixidos
  Tamén se comunicará a desestimación dos outros proxectos.
- **Presentación de recursos:** Do 1 ó 15 de decembro de 2008.

En caso de reclamacións:

- **Resolución 2ª (definitiva):** Do 16 ó 31 de decembro de 2008. Comunicarase só ós afectados.

7. **Onde presentar os proxectos**

Preferiblemente a través do seu club ou directamente, nas oficinas da FGM, por correo ordinario ou correo electrónico (www.fgmontanismo.com).

Ó ser este un proceso novo poden producirse lixeiras modificacións.